PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

I

O Instituto Galego de Estatística (IGE), creado na lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, é o órgano central da organización estatística e ten como principal misión a de dirixir e coordinar a estatística galega.

O Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establece que o Instituto Galego de Estatística queda adscrito á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia establece no seu artigo 8.2 que o Instituto Galego de Estatística (IGE) é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A letra c) do número 1 do artigo 15 recolle a composición do Consello Galego de Estatística (CGE).

A modificación do Decreto 135/2024 e a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, na que se recolle expresamente que o Instituto Galego de Estatística seguirá a axustar os seus fins, estrutura e funcionamento ao previsto na normativa estatística de Galicia, aconsellan elaborar un novo regulamento que substitúa ao establecido no Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

Este estatuto está amparado polas competencias autonómicas de autoorganización e de estatística, conforme aos artigos 27.1, 27.6 e 28.1 do Estatuto de autonomía, e atende aos principios da actuación administrativa do artigo 103.1 da Constitución española.

Por outro lado, en virtude do principio de boa regulación é conveniente realizar a derrogación do artigo 2 do Decreto 173/2007, de 30 de agosto, polo que se establece a forma de designación dos membros do Consello Galego de Estatística, respecto da duración do mandato dos membros do Consello Galego de Estatística.

II

A aprobación do estatuto do organismo autónomo IGE constitúe o obxecto do presente decreto, que consta dun artigo único para aprobar o estatuto do Instituto Galego de Estatística, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha derrogatoria, dúas derradeiras e un anexo.

A disposición adicional trata sobre a duración do mandato do CGE, as disposicións transitorias da constitución do Consello Reitor do IGE e da modificación das unidades administrativas. A disposición derrogatoria afecta ao Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística e o Decreto 173/2007, de 30 de agosto. Nas dúas derradeiras habilítase á persoa titular da Dirección do IGE para executar a norma e fíxase a súa entrada en vigor.

No anexo figura o estatuto do Instituto Galego de Estatística que consta de trinta artigos, agrupados en sete capítulos. O primeiro recolle as disposicións xerais sobre o Instituto Galego de Estatística, o segundo establece a súa organización, os tres seguintes versan sobre os réximes nas materias de persoal, patrimonio, contratación, recursos, orzamentos e asistencia xurídica. O capítulo sexto refírese á transparencia e o sétimo ao procedemento para a súa modificación.

III

A presente disposición adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 a) da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector autonómico.

De xeito mais concreto, no que respecta aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha modificación necesaria para adaptarse á normativa vixente.

De acordo co principio de proporcionalidade contén a regulación imprescindible para cumprir co seu obxecto que é a organización do IGE.

Conforme ao principio de seguridade xurídica, resulta coherente co ordenamento xurídico.

No que se refire aos principios de transparencia e accesibilidade debe sinalarse que ao tratarse dunha disposición meramente organizativa, está exceptuada dos trámites de consulta pública previa, audiencia e información pública, conforme ao disposto nos artigos 41.2 e 42.6 da Lei 16/2010, de 17 de decembro.

Por último, respéctanse os principios de eficiencia e simplicidade ao permitir unha xestión mais eficiente dos recursos públicos e non se prevén cargas administrativas para as persoas destinatarias.

Así mesmo, no proceso de elaboración deste decreto someteuse a informe da Dirección Xeral de Orzamentos e financiamento autonómico, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal, e conta co informe de impacto por razón de xénero, da Secretaría Xeral de Igualdade, así como informe da Asesoría Xurídica Xeral. No procedemento de elaboración da norma deuse conta ao Consello Galego de Estatística.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do día ... de ... de dous mil vinte e seis,

DISPOÑO

Artigo único. *Aprobación*

Apróbase o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística, cuxo texto se insire como anexo a este decreto.

Disposición adicional primeira. Consello Galego de Estatística.

Primeiro: Composición

A composición do Consello Galego de Estatística está recollida no artigo 15 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

Segundo: Duración do mandato

1.- O mandato dos membros do Consello galego de Estatística será de catro anos. Con todo, aqueles membros que o sexan por razón do cargo, ou en virtude de representación, perderán esa condición no momento de cesar en dito cargo ou como representante do colectivo que o designou.

2.- No caso de producirse algunha vacante no CGE, cubrirase de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia. O novo membro será polo tempo que falte para completar o mandato. No caso das persoas vogais previstas no artigo 15.1.c.11ª de relevancia profesional no campo da estatística, serán nomeadas por un novo mandato de catro anos.

3.- Sen prexuízo do disposto anteriormente, os representantes das universidades e das distintas organizacións deberán ser ratificados ou substituídos polas instancias que os designen, no caso de celebración de eleccións para os órganos reitores das mesmas. Igual esixencia deberá cumprirse para os representantes da Administración local, cando se celebren eleccións locais.

Disposición transitoria primeira. *Órgano executivo e Consello Reitor*

No prazo de catro meses desde a entrada en vigor deste decreto constituirase o Consello Reitor do Instituto Galego de Estatística. En tanto non se constitúa o Consello Reitor, as funcións executivas do Instituto Galego de Estatística continuarán sendo exercidas pola Dirección.

Disposición transitoria segunda. *Modificación das unidades administrativas*

As persoas que están desempeñando os postos de traballo cuxa denominación ou adscrición varíen como consecuencia deste ecreto manterán a antigüidade do posto de traballo de orixe sempre que se conserve o seu contido funcional.

Cando, como consecuencia da estrutura orgánica que se establece neste decreto, se modifique a denominación ou o contido funcional das subdireccións xerais ou servizos existentes, autorízase á persoa titular da Dirección do IGE para adscribir ao persoal funcionario que ocupaba o posto existente ao posto equivalente que figura neste decreto.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación de normas*

Quedan derrogadas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto. En particular, o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

Queda derrogado o Decreto 173/2007, de 30 de agosto, polo que se establece a forma de designación dos membros que integran o Consello Galego de Estatística.

Disposición derradeira primeira. *Execución da norma*

Facúltase á persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística para ditar cantos actos e medidas sexan necesarios para executar esta norma.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ... de ..... de dous mil vinte e seis

O presidente

ANEXO

Estatuto do Instituto Galego de Estatística

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e adscrición*

1. O Instituto Galego de Estatística (en diante IGE), regulado por Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia (en diante Lei 6/2024, do 27 de decembro), é un organismo autónomo dos previstos na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en diante Lei 16/2010, do 27 de decembro).

2. O Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, adscribe ao Instituto Galego de Estatística á Oficina de Coordinación Económica da Presidencia da Xunta de Galicia.

3. O IGE ten como principal misión a de dirixir e coordinar a estatística galega, polo que se configura como órgano central da súa organización estatística, regulada no título I da Lei 6/2024, do 27 de decembro, da que tamén forman parte o Consello Galego de Estatística, como máximo órgano consultivo na materia, e os órganos estatísticos sectoriais que se designen na Presidencia da Xunta de Galicia, nas consellerías e nas entidades públicas instrumentais do artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, en cuxos réximes orgánico, funcional e financeiro non estiver prevista a participación de entidades privadas e cando os seus obxectivos e finalidades se puideren atender cos instrumentos de planificación establecidos na Lei 6/2024, do 27 de decembro.

Artigo 2. *Personalidade xurídica e potestades*

1. O IGE rexerase polo disposto na Lei 6/2024, do 27 de decembro e nas outras normas que que lle sexan aplicables. En particular, como entidade do sector público autonómico de Galicia, rexerase pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, e polo presente decreto.

2. O IGE ten personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión, nos termos que precisen as leis.

3. Correspóndelle ao IGE, dentro da esfera das súas competencias, exercer as potestades administrativas precisas para cumprir os seus fins.

4. O IGE ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes, polo que está obrigado a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden no marco do seu ámbito de actuación.

Artigo 3. *Actos que esgotan a vía administrativa*

1. Poñen fin á vía administrativa os actos emanados da Dirección do IGE, cando se refiran ao exercicio de competencias técnicas ou á preservación do segredo estatístico regulado no título III da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

2. Os actos da Dirección que poñan fin á vía administrativa poderanse impugnar directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.

3. Os actos da Dirección que non poñan fin á vía administrativa poderanse impugnar en alzada perante persoa titular da consellería de adscrición.

4. Segundo o establecido no artigo 40 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, correspóndelle á persoa titular da Dirección do IGE impor as sancións polas infraccións prevista nesta lei, logo da instrución do oportuno procedemento conforme os principios establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a regulación procedimental contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Os actos ditados polo Presidente e o Consello Reitor poñen fin á vía administrativa.

Artigo 4. *Sede e estrutura territorial*

1. O IGE ten a súa sede institucional en Santiago de Compostela, no Complexo administrativo de San Lázaro, s/n CP-15703.

2. O IGE poderá contar con oficinas territoriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5. *Funcións*

1. Segundo o artigo 9 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, o IGE exercerá as seguintes funcións:

a) Representar oficialmente ao sector público autonómico de Galicia en materia estatística e canalizar as relacións externas na dita materia.

b) Coordinar os órganos estatísticos sectoriais regulados no capítulo III.

c) Elaborar o anteproxecto de lei do Plan galego de estatística e os proxectos de decreto dos programas que o desenvolven, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais.

d) Analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas para Galicia.

e) Relacionarse con organismos estatais, europeos e internacionais con competencias estatísticas e proporlle ao Consello da Xunta de Galicia integrarse neles.

f) Realizar as estatísticas e as outras actuacións que se lle encomenden nos instrumentos de planificación estatística.

g) Colaborar nas estatísticas de interese estatal e supraestatal promovidas polos organismos competentes.

h) Coordinar as peticións en materia estatística dos órganos ou entidades do sector público autonómico galego dirixidas a outros órganos ou entidades públicas.

i) Promover a aplicación de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística galega e aprobar conceptos, definicións, unidades, clasificacións, nomenclaturas, códigos e outros estándares de interese propio, procurando que se adapten e integren cos homólogos de uso obrigatorio nos ámbitos estatal, europeo e internacional.

j) Realizar, promover e divulgar a investigación, o desenvolvemento, a innovación e o coñecemento no ámbito da estatística galega.

k) Promover a formación e o perfeccionamento profesional do persoal estatístico.

l) Prestar servizos de asistencia técnica aos órganos estatísticos sectoriais, para realizar as actuacións que se lles encomenden nos instrumentos de planificación estatística.

m) Desenvolver bases de datos e prestar servizos de recompilación e almacenaxe da información estatística dispoñible.

n) Asegurar a difusión dos resultados estatísticos sobre Galicia e estender as certificacións previstas no artigo 28.3 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

ñ) Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e pola aplicación dos principios e garantías necesarios para que se respecten o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas ás que se debe suxeitar a estatística galega.

o) Desenvolver modelos de predición e análise socioeconómica para a planificación a medio e longo prazo.

p) Elaborar anualmente e difundir unha memoria sobre a actividade da organización estatística galega.

q) As demais funcións previstas na Lei 6/2024, do 27 de decembro e as que se lle atribúan legalmente.

2. En aplicación do artigo 70 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o IGE executará un Plan anual de actuación que, segundo o previsto na disposición adicional cuarta da Lei 6/2024, do 27 de decembro, recollerá un extracto dos obxectivos que se lle atribúan ao IGE no programa estatístico do mesmo ano e detallará outros a acadar, xunto cos recursos persoais e orzamentarios precisos. O Plan anual de actuación será aprobado por orde da persoa titular da consellería de adscrición e os seus resultados someteranse ao Consello Reitor.

3. No desenvolvemento das competencias técnicas e na aplicación do segredo estatístico, o IGE gozará da autonomía funcional necesaria para garantir a súa neutralidade operativa. Son competencias técnicas o deseño de conceptos, definicións, unidades, clasificacións, nomenclaturas, códigos e outros estándares, para ordenar datos e presentar resultados, así como as que versen sobre fórmulas, algoritmos, procedementos de recollida, tratamento e difusión de información.

Artigo 6. *Control de eficacia*

Sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Galego de Estatística na Lei 6/2024, do 27 de decembro, e das previsións normativas sobre avaliación dos plans e programas estatísticos, o IGE estará sometido ao control de eficacia no cumprimento do seu Plan anual de actuación, previsto no artigo 73 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, que será exercido pola consellería de adscrición e pola unidade administrativa competente en avaliación e reforma administrativa.

CAPÍTULO II
Organización
SECCIÓN I
Órganos de goberno

Artigo 7. *Órganos de goberno*

Segundo o disposto no artigo 64 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, os órganos de goberno do IGE son a Presidencia e o Consello Reitor.

Artigo 8. *A Presidencia*

1. A Presidencia do IGE correspóndelle á persoa titular da consellería de adscrición.

2. A persoa titular da Presidencia do IGE presidirá o seu Consello Reitor e terá as competencias que lle outorga o artigo 16 da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

a) Desempeñar a representación do órgano colexiado.

b) Acordar a convocatoria das sesións e fixar a orde do día.

c) Presidir as sesións, moderar os debates e suspendelos por causas xustificadas.

d) Dirimir co seu voto os empates.

e) Asegurar o cumprimento das leis.

f) Visar as actas e as certificacións dos acordos.

g) Exercer cantas outras funcións lle correspondan pola súa condición de presidente dun órgano colexiado e as que se determinen nas disposicións de aplicación.

3. A persoa que exerza a Presidencia do Consello Reitor terá a condición de membro do órgano colexiado.

4. No ámbito de aplicación da Lei 6/2024, do 27 de decembro, a persoa titular da Presidencia do IGE presidirá o Consello Galego de Estatística.

5. A persoa titular da Presidencia poderá delegar na persoa titular da Dirección as funcións propias que sexan susceptibles de delegación.

6. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, a persoa titular da Dirección substituirá a titular da Presidencia.

Artigo 9. *O Consello Reitor e a súa composición*

1. Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno do IGE.

2. Son membros do Consello Reitor:

a) A persoa titular da Presidencia do IGE, que o preside e nomea os seus membros.

b) A persoa titular da Dirección do IGE, que exercerá a súa Vicepresidencia.

c) Unha persoa en representación da Presidencia da Xunta de Galicia, designada entre as titulares dos seus órganos superiores e de dirección.

d) A persoa titular da Dirección Xeral de orzamentos e financiamento autonómico.

e) A persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

f) A persoa titular da Dirección Xeral de emprego público e administración de persoal.

3. Cada persoa titular designada terá unha suplente para os supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal da titular.

4. O Consello Reitor designará e nomeará unha Secretaría, que será ocupada por persoal funcionario do IGE. A súa substitución temporal, nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, realizarase por acordo do Consello Reitor.

Artigo 10. *Funcións do Consello Reitor*

1. O Consello Reitor terá as seguintes funcións:

a) Seguir, supervisar e controlar a xestión da persoa titular da Dirección, coa limitación prevista no artigo 10.1 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

b) Aprobar o informe xeral anual da actividade do IGE previsto no artigo 64.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e no 5.2 deste estatuto, así como todos os

extraordinarios que se consideren necesarios sobre a súa xestión, valorando os resultados acadados e consignando as deficiencias observadas.

c) Aprobar o anteproxecto de orzamentos anuais e a contracción de obrigas de carácter plurianual, dentro dos límites que teña fixados.

d) Aprobar as contas anuais, consonte a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma.

e) Aprobar as normas de funcionamento interno do Consello Reitor.

f) Calquera outra que lle atribúan as disposicións vixentes.

2. Nas súas deliberacións, acordos e funcionamento, o Consello Reitor axustarase ás normas sobre órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. Os membros do Consello Reitor non se poderán atribuír as funcións de representación recoñecidas a este, agás que lles fosen outorgadas expresamente por norma ou acordo validamente adoptado polo Consello Reitor.

Artigo 11. *Secretaría do Consello Reitor*

A Secretaría do Consello Reitor ten as seguintes funcións:

a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.

b) Convocar as sesións por orde da Presidencia e citar ás súas persoas membros.

c) Recibir os actos de comunicación das persoas membros co órgano.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) As que lle correspondan pola súa condición de secretaría dun órgano colexiado.

Artigo 12. Réxime de funcionamento do Consello Reitor

1. O Consello Reitor reunirase en sesión ordinaria, cando menos, unha vez ao ano.

2. Para a válida constitución do Consello Reitor, ademais da Presidencia e da Secretaría, ou de quen as substitúa, deberán estar presentes tres persoas en primeira convocatoria e dúas en segunda. Entre a primeira e a segunda convocatorias deberá transcorrer, cando menos, un prazo de trinta minutos.

3. A convocatoria será realizada pola Secretaría cunha antelación mínima de corenta e oito horas e incorporará á orde do día os asuntos que se van tratar. En caso de urxencia, a sesión pódese convocar cunha antelación non inferior a vinte e catro horas, sen que sexa preceptiva a orde do día.

4. Os acordos do Consello Reitor adoptaranse por maioría simple de votos. No caso de empate terá voto de calidade a Presidencia.

5. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo asuntos que non figuren na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano e sexan declarados de urxencia co voto favorable da maioría.

6. A Secretaría levantará acta de cada sesión, na cal se especificarán a orde do día, as circunstancias de lugar e tempo, os asistentes, os puntos principais tratados e os acordos adoptados.

7. Na acta figurarán os votos particulares que se anuncien na sesión e se formulen por escrito no prazo de corenta e oito horas contado dende o momento en que o presidente de por finalizada a sesión. Os membros do Consello Reitor poden solicitar que se transcriban integramente as súas intervencións, sempre que acheguen o texto dentro do mesmo prazo.

8. Os membros do Consello Reitor que voten en contra dun acordo quedarán exentos das responsabilidades que se poidan derivar.

9. As actas aprobaranse na mesma sesión ou na seguinte. A Secretaría poderá emitir certificacións sobre os acordos adoptados, facendo constar esta circunstancia. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo pode solicitar certificación dos acordos.

10. As actas e os certificados dos acordos constarán en documentos asinados de xeito electrónico e incorporaranse ao Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia con todas as garantías adecuadas para a súa autenticidade e conservación. Para a sinatura electrónica utilizaranse os sistemas previstos no artigo 73 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

11. Poderán asistir ás sesións do Consello Reitor, con voz pero sen voto, as persoas que convoque a Presidencia como expertas nas materias que se traten.

12. As persoas que participen nas sesións do Consello Reitor non percibirán indemnizacións por asistencia e gardarán o debido sixilo respecto dos asuntos tratados.

13. O funcionamento e réxime aplicables ao Consello Reitor axustaranse, no non previsto anteriormente, ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SECCIÓN II
Órgano executivo

Artigo 13. *Órgano executivo*

1. Ao amparo do disposto no artigo 65 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a Dirección do IGE é o órgano executivo do IGE.

2. Segundo o artigo 10.1 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, a persoa titular da Dirección do IGE é a máxima autoridade estatística da Comunidade Autónoma no ámbito da estatística galega e actuará con total independencia nas materias técnicas e científicas relacionadas con tal función.

3. A persoa titular da Dirección do IGE terá a condición de alto cargo e será asumida pola persoa titular da Oficina de Coordinación Económica da Presidencia.

4. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento legal, a persoa titular da Dirección do IGE será suplida, en primeiro lugar pola persoa titular da Secretaría Xeral do IGE, e logo polas persoas titulares das súas subdireccións, na orde na que aparecen citadas na estrutura administrativa establecida neste estatuto.

Artigo 14. Competencias e funcións da Dirección

1. Correspóndenlle á persoa titular da Dirección as seguintes competencias e funcións:

a) Representar legalmente ao IGE.

b) Exercer a xefatura do persoal do IGE.

c) Dirixir as relacións do IGE cos servizos estatísticos doutras administracións públicas, organizacións europeas e internacionais e coordinar os que formen parte da organización estatística de Galicia.

d) Representar a Comunidade Autónoma no Comité Interterritorial de Estatística previsto na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, así como en calquera outro órgano de colaboración institucional en materia estatística.

e) Exercer a Vicepresidencia do Consello Galego de Estatística e a Presidencia das súas comisións permanente e de coordinación, segundo o previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

f) Velar polo cumprimento dos plans e programas estatísticos e, segundo o previsto no artigo 28.3 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, certificar os resultados das estatísticas elaboradas ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística da Comunidade Autónoma.

g) Promover a elaboración de información, estudos, análises e modelos que contribúan a optimizar o deseño e o seguimento das políticas públicas.

h) Impulsar o desenvolvemento de procedementos de calidade nas diferentes fases da actividade estatística.

i) Elevar ao Consello Galego de Estatística o Anteproxecto do Plan galego de estatística e o proxecto de cada programa anual.

j) Elevar ao Consello Galego de Estatística e trasladar ao Parlamento os informes de avaliación do Plan galego de estatística e os de seguimento dos seus programas anuais.

k) Formular o proxecto de estatuto do IGE e das súas modificacións.

l) Promover a elaboración da proposta do Plan anual de actuación do IGE e do informe xeral anual da actividade do ano anterior.

m) Cumprir os acordos da Presidencia e do Consello Reitor e formular e someter á súa aprobación a proposta de anteproxecto de orzamentos e as contas anuais do IGE.

n) Aprobar a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

o) Subscribir contratos e convenios, autorizar gastos, ordenar pagamentos, render contas e desempeñar cantas outras funcións se lle atribúan por norma legal e regulamentaria.

p) Todas as demais funcións que lle correspondan ao IGE e non fosen atribuídas expresamente a outros órganos deste.

SECCIÓN III

Estrutura organizativa

Artigo 15. *Secretaría Xeral*

1. A Secretaría Xeral será responsable da xestión ordinaria do IGE, da coordinación institucional, do mantemento dos sistemas de información e da difusión dos produtos e servizos do IGE, a través do desempeño das seguintes funcións:

a) Prestar asistencia xurídica, técnica e administrativa á Dirección.

b) Administrar e xestionar os recursos económicos do IGE, dende a elaboración dos orzamentos ata o seguimento da súa execución.

c) Manter e actualizar o inventario patrimonial do IGE, realizar o control e seguimento da contabilidade económico-financeira e levar a cabo a rendición de contas anual.

d) Formular a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

e) Planificar e xestionar todos os procedementos en materia de persoal, incluíndo as actividades de formación en materia estatística.

f)Planificar e elaborar as disposicións normativas emanadas do IGE, gardando a necesaria coherencia e compatibilidade entre as diferentes disposicións.

g) Tramitar os expedientes de contratación e os convenios a subscribir polo IGE.

h) Executar as tarefas necesarias para que funcionen o Consello Galego de Estatística e o Consello Reitor do IGE.

i) Emitir os informes previstos no artigo 9.2 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia.

j) Elaborar e manter os sistemas de clasificacións, códigos, nomenclaturas e outros estándares a utilizar pola organización estatística e coordinar a aplicación de indicadores de calidade das estatísticas.

k) Inventariar as estatísticas programadas e coordinar os procesos de elaboración, avaliación e seguimento dos plans e programas estatísticos, supervisar os proxectos técnicos das operacións e prestar asistencia técnica na súa redacción.

k) Coordinar os procesos de elaboración e seguimento dos plans anuais de actuación do IGE e realizar as tarefas deles que lle correspondan.

l) Manter os sistemas de información do IGE e os procesos de tratamento de datos, catalogando, organizando e documentando a información estatística.

m) Investigar as tecnoloxías e produtos informáticos e de telecomunicacións de interese para o IGE e seleccionar e especificar tecnicamente os necesarios para adaptar a súa infraestrutura ás novas necesidades e cambios tecnolóxicos.

n) Administrar e xestionar a seguridade dos sistemas de información e das comunicacións.

ñ) Xestionar os procesos de intercambio de información dentro da organización estatística de Galicia ou con outras entidades.

o) Organizar os servizos de atención ás persoas usuarias e coordinar, xestionar e canalizar as peticións de información estatística.

p) Prestar servizos de recompilación e almacenaxe da información estatística dispoñible, deseñar e manter os bancos de datos estatísticos de difusión e asesorar e participar no aproveitamento de microdatos cedidos por outros organismos, así como de sistemas de información, que sexan de interese para o sistema estatístico galego.

q) Elaborar e executar os proxectos técnicos das estatísticas da súa competencia, que se lle encomenden ao IGE ou que deriven de convenios de colaboración con outros organismos.

r) Planificar a difusión da información estatística, mantendo e mellorando os contidos dos servizos ofrecidos polo IGE a través da internet.

s) Investigar e desenvolver novas metodoloxías de aplicación á coordinación, á planificación estatística, aos sistemas de información e á difusión.

t) Calquera outra que se lle asigne legal ou regulamentariamente ou lle delegue ou encomende a Dirección.

2. Para desempeñar as súas funcións, a Secretaría Xeral contará con catro órganos de apoio con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo Técnico-Xurídico e de Contratación: desenvolverá as funcións da Secretaría Xeral na área xurídica e nas de xestión económica e orzamentaria, persoal, contratación e convenios, réxime interior, asuntos xerais e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección

b) Servizo de Coordinación e Planificación: desenvolverá as funcións da Secretaría Xeral sobre coordinación interna e externa do sistema estatístico, elaboración e seguimento dos instrumentos de ordenación da estatística galega e dos plans anuais de actuación do IGE, deseño e mantemento dos estándares estatísticos e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección.

c) Servizo de Informática Estatística: desenvolverá as funcións da Secretaría Xeral sobre xestión e mantemento das infraestruturas tecnolóxicas e dos produtos informáticos, telecomunicacións, seguridade, así como o soporte tecnolóxico necesario para a produción estatística e os procesos de intercambio de datos e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección.

d) Servizo de Difusión: desenvolverá as funcións da Secretaría Xeral sobre recompilación, análise e difusión de información estatística de interese para Galicia, deseño e difusión dos produtos e servizos do IGE, e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Secretaría Xeral e a Dirección.

Artigo 16. *Subdirección de Contas Económicas e Análise de Datos*

1. Á Subdirección de Contas Económicas e Análise de Datos correspóndenlle as tarefas relacionadas coa elaboración de estatísticas de síntese, estudos prospectivos e de análise, previsións económicas e modelos de simulación, a través do desempeño das seguintes funcións:

a) Prestar asistencia técnica á Dirección.

b) Colaborar coa Dirección nas relacións con outras institucións e organismos para impulsar actuacións coordinadas nos aspectos técnicos relacionados coas estatísticas da súa competencia.

c) Deseñar e aplicar procedementos que aseguren a calidade das estatísticas da súa responsabilidade.

d) Promover, elaborar e manter os sistemas integrados de indicadores e de contas económicas, tanto de carácter conxuntural como estrutural, e os subsistemas contables derivados.

e) Promover e elaborar modelos de predición e análise socioeconómica para a planificación no medio e longo prazo.

f) Promover e elaborar previsións económicas, desenvolvendo as técnicas estatísticas necesarias.

g) Promover e elaborar información, estudos, análises e modelos de simulación que contribúan a avaliar e optimizar o deseño e seguimento de políticas públicas.

h) Asesorar e participar no aproveitamento de microdatos cedidos por outros organismos, así como de sistemas de información, que sexan de interese para o sistema estatístico galego.

i) Coordinar e asesorar sobre aspectos técnicos das estatísticas da súa responsabilidade e desenvolver novas metodoloxías a aplicar.

j) Elaborar e executar os proxectos técnicos das estatísticas da súa competencia, que se lle encomenden ao IGE ou que deriven de convenios de colaboración con outros organismos.

k) Participar na elaboración e na execución das estatísticas de síntese relacionadas co sistema integrado de contas económicas.

l) Elaborar as tarefas que lle correspondan do Plan anual de actuación do IGE.

m) Calquera outra que se lle asigne legal ou regulamentariamente ou lle delegue ou encomende a Dirección.

2. Para desempeñar as súas funcións, a Subdirección de Contas Económicas e Análise de Datos contará con tres órganos de apoio, todos eles con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Contas Anuais: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración do marco central do sistema de contas e dos subsistemas derivados e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

b) Servizo de Contas Trimestrais: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe as contas económicas de carácter conxuntural, sistemas integrados de indicadores, números índices, modelos para estimar e proxectar variables económicas e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

c) Servizo de Modelización Económica: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración de estudos, análises e modelos de simulación e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

Artigo 17. *Subdirección de Produción Estatística*

1. Á Subdirección de Produción Estatística correspóndenlle as tarefas relacionadas coa elaboración de marcos e directorios, estatísticas de base e recollida de datos e previsións demográficas, a través do desempeño das seguintes funcións:

a) Prestar asistencia técnica á Dirección.

b) Colaborar coa Dirección nas relacións con outras institucións e organismos para impulsar actuacións coordinadas nos aspectos técnicos relacionados coas estatísticas da súa competencia.

c) Deseñar e aplicar procedementos que aseguren a calidade das estatísticas e dos procesos de recollida de información da súa responsabilidade.

d) Promover e elaborar as estatísticas de base nos distintos ámbitos de investigación, tanto de carácter conxuntural como estrutural.

e) Promover e elaborar previsións demográficas, desenvolvendo as técnicas estatísticas necesarias.

f) Deseñar e organizar os sistemas de información do IGE e a súa integración en base de datos.

g) Manter o Rexistro de poboación de Galicia para executar a planificación estatística e como instrumento de comunicación entre a administración e as persoas interesadas.

h) Organizar e executar as operacións de recollida de información e as tarefas relacionadas coa cartografía, planimetría e xeorreferenciación nas materias da súa competencia.

i) Inspeccionar os traballos de campo e dirixir, coordinar e formar aos axentes entrevistadores-enquisadores.

j) Asesorar e participar no aproveitamento de microdatos cedidos por outros organismos, así como de sistemas de información, que sexan de interese para o sistema estatístico galego.

k) Coordinar e asesorar sobre aspectos técnicos das estatísticas e dos procedementos de recollida de información da súa responsabilidade e desenvolver novas metodoloxías a aplicar.

l) Elaborar e executar os proxectos técnicos das estatísticas da súa competencia, que se lle encomenden ao IGE ou que deriven de convenios de colaboración con outros organismos.

m) Participar na elaboración e na execución da recollida de información que contribúa a avaliar e optimizar o deseño e seguimentos de políticas públicas.

n) Participar na elaboración e na execución de estatísticas demográficas e das estatísticas que se realicen mediante enquisa.

o) Elaborar as tarefas que lle correspondan do Plan anual de actuación do IGE.

p) Calquera outra que se lle asigne legal ou regulamentariamente ou lle delegue ou encomende a Dirección.

2. Para desempeñar as súas funcións, a Subdirección de Produción Estatística contará con catro órganos de apoio, todos eles con nivel orgánico de servizo:

a) Servizo de Estatísticas Sociais: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración de estatísticas de base sobre fogares e persoas e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

b) Servizo de Estatísticas de Empresas: desenvolverá as funcións da Subdirección no que atinxe á elaboración de estatísticas de base sobre empresas e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

c) Servizo de Técnicas Estatísticas e Gobernanza do Dato: desenvolverá as funcións da Subdirección sobre o Rexistro de poboación de Galicia, o deseño dos procedementos técnicos de produción e de recollida de información, o deseño e organización dos sistemas de información estatística e a súa integración en bases de datos e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

d) Servizo de Recollida de Información: desenvolverá as funcións da Subdirección sobre execución e inspección dos procesos de recollida de información e, en xeral, calquera outra que, por mor da súa especialidade, lle encomenden a Subdirección e a Dirección.

CAPÍTULO III
Réxime de persoal

Artigo 18. Réxime xurídico do persoal

1. IGE contará con persoal funcionario e laboral para exercer as súas funcións, que se rexerá pola normativa de emprego público e pola lexislación laboral aplicables ao resto do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O persoal do IGE quedará sometido ao réxime xeral de incompatibilidades aplicable ao persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 19. *Instrumento de ordenación dos postos de traballo*

1. O instrumento de ordenación dos postos de traballo do IGE será a súa relación de postos de traballo.

2. A relación de postos de traballo do IGE determinará a natureza, contido e características do desempeño e retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de emprego público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. A aprobación e modificación da proposta de relación de postos de traballo do IGE serán acordadas polo Director do IGE, por proposta da Secretaría Xeral, logo dos informes favorables dos centros directivos da Administración xeral da Comunidade Autónoma competentes nas materias de administracións públicas, orzamentos e función pública.

Artigo 20. *Selección de persoal, provisión de postos de traballo e mobilidade*

A oferta de emprego público, os procesos de selección de persoal, a provisión de postos de traballo e a mobilidade do persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado no IGE están incluídos dentro do réxime xeral previsto na normativa de emprego público.

Artigo 21. *Réxime retributivo*

1. Os conceptos e importes retributivos para as diferentes categorías do persoal funcionario do IGE serán os establecidos na normativa reguladora da función pública e dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As condicións retributivas do persoal laboral do IGE serán as que se determinen con carácter xeral para o persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o convenio colectivo único aplicable e a respectiva lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e deberán ser negociadas previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito do emprego público.

Artigo 22. *Segredo estatístico*

Todas as persoas que presten servizos no IGE e que interveñan nas actividades reguladas pola Lei 6/2024, do 27 de decembro, están obrigadas a manter o segredo estatístico. Esta obriga conservarana logo de concluír as súas actividades.

CAPÍTULO IV
Réxime patrimonial e de contratación

Artigo 23. *Patrimonio e réxime patrimonial*

1. Para cumprir os seus fins, o IGE terá patrimonio propio distinto do da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polos bens e dereitos dos que sexa titular.

2. Así mesmo e para cumprir os seus fins, poderán adscribirse ao IGE os bens e dereitos do patrimonio da Comunidade Autónoma de calquera titularidade que se acorden, de conformidade co disposto na lexislación sobre patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O réxime patrimonial do IGE é o recollido na lexislación patrimonial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 24. *Réxime de contratación*

O réxime xurídico aplicable á contratación do IGE será o establecido na lexislación sobre contratos do sector público. O órgano de contratación do IGE é a Dirección.

CAPÍTULO V
Recursos, réximes económico-financeiro e orzamentario e asistencia xurídica

Artigo 25. *Recursos económicos*

O IGE financiarase cos seguintes recursos:

a) Asignacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma ou procedentes doutras entidades públicas.

b) Ingresos propios como contrapartida por actividades que se realicen para outras entidades en virtude de acordos ou disposicións legais.

c) Resultados do alleamento dos bens e valores do seu patrimonio, de acordo coa lexislación na materia da Comunidade Autónoma.

d) Rendementos procedentes dos seus bens e valores.

e) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estea autorizado a percibir.

Artigo 26. *Réximes económico-financeiro e orzamentario*

1. Os réximes económico-financeiro e orzamentario, a intervención, o control financeiro, a contabilidade e a rendición de contas do IGE serán os recollidos na lexislación sobre réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido para os organismos autónomos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 17/1999, do 7 de outubro.

2. O réxime de contabilidade do IGE será o establecido na lexislación vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario da Administración autonómica de Galicia.

Artigo 27. *Control da xestión económico-financeira*

1. O control externo da xestión económico-financeira do IGE correspóndelle ao Consello de Contas de Galicia, de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financeira do IGE correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e realizarase de acordo co disposto na lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 28. *Asistencia xurídica e defensa letrada*

A asistencia xurídica e a defensa letrada do IGE correspóndenlle á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO VI
Transparencia

Artigo 29. *Publicidade, accesibilidade e transparencia*

1. O IGE axustará a súa actuación aos principios estatísticos e criterios de calidade dos artigos 4 e 5 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, así como ao Código de conduta adoptado no 2017 polo Comité do Sistema Estatístico Europeo. Son principios estatísticos os de autoridade, independencia profesional, imparcialidade, segredo estatístico, rendibilidade, coordinación, cooperación e proporcionalidade. O cadro de calidade abrangue os criterios de pertinencia, precisión, actualidade, puntualidade, accesibilidade, claridade, coherencia e comparabilidade.

2. O IGE publicará na súa páxina web os resultados das estatísticas programadas e o seu calendario de difusión.

3. A difusión das estatísticas realizarase de xeito integrado, obxectivo, oportuno e puntual e irá acompañada da metainformación e doutra información de apoio á interpretación dos resultados.

4. As estatísticas difundidas deberán ser reutilizables nos termos previstos na normativa aplicable.

5. O IGE adecuará a súa actuación aos principios recollidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

6. En todo caso, o acceso á información estatística do IGE estará limitado polo cumprimento do segredo estatístico regulado na Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, e polo previsto na normativa vixente sobre protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais.

CAPÍTULO VII
Modificación do estatuto

Artigo 30. *Modificación do estatuto*

1. A modificación do estatuto do IGE formularase pola Dirección do IGE , dando conta ao Consello Galego de Estatística. Cando a modificación proposta afecte aos contidos regulados no artigo 37.1 do Estatuto básico do empregado público, negociarase previamente coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

2. Na modificación do estatuto do IGE respectarase a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, en particular o establecido no capítulo II do seu título I.